Cartafol

Martes, 15 de marzo de 2011 **Nº 6**

O semanario do ensino de Galicia
Editor: Horácio Vixande. **Director:** Horácio Vixande. **Redacción:** Ana Saá e Vanessa Insua. **Enderezo:** Rúa Doutor Cadaval 21, 1º, Oficina 4. 36202 Vigo. **Teléfono:** 986 11 70 20 **Correo electrónico:** cartafol@cartafol.org. **Páxina web:** www.cartafol.gl.

Queda prohibida a reprodución que non estea sustentada por un exemplar por cada copia realizada.

Os libros de texto omiten os riscos das nucleares Páx. 8

Caso do veo en Arteixo: A Xunta marea a perdiz Páx. 3

Éxito nos Encontros dos Equipos de Normalización Páx. 7

Unanimidade en contra da cativa oferta de emprego Páx. 5

Xosé Manuel Cid: 'A escola ignora o mundo rural' Páx. 13

Antonio Somoza, historiador

'Os mestres ocuparon un papel moi relevante no nacemento da sociedade civil'

É autor da tese "Construción e destrución da cidadanía societaria: Dinámica social e política da provincia de Lugo na II República e nos primeiros anos do franquismo (1930-1950)", un traballo que parte dos datos recollidos do Proxecto de Investigación Nomes e Voces. É historiador e chámase Antonio Somoza.

H. Vixande



Era forte a sociedade civil en Lugo durante o primeiro terzo do século vinte?
Era. Desde que se promulga a Lei de Asociacións, en 1887, ata 1936 constitúese un número moi amplo de organizacións, con tipoloxía moi diversa. Destaca o período republicano, xa que, se desde 1887 a 1930 naceran 197 sociedades, do 31 ao 36 naceron outras 302 máis e das 197 da época anterior, continuaron coa súa actividade 131.

Que quedaba desa sociedade civil en 1950?
Apenas nada. O que queda son pequenos refugallos do tecido previo vencellados a sectores afíns ao golpe de Estado de 1936. Sobreviven tamén algunhas sociedades de inspiración católica que resistiron as presións para se integraren na Falanxe e asociacións como as Cámaras de Comercio, os Casinos... Despois están as estruturas oficiais do réxime, moitas veces de afiliación obrigatoria e que non responden ao modelo societario democrático. Posteriormente comezan a nacer sociedades recreativas ou de lecer relacionadas coas novas elites franquistas.

Cales foron os mecanismos empregados para rematar con esa sociedade civil?
A persecución política contra a sociedade civil comezando polos seus principais líderes. No primeiro terzo do século vinte xurdiron novas clases sociais que tiñan a súa base na participación no asociacionismo. No 36 perséguese a eses líderes, péchanse as sociedades, e prohíbense as organizacións políticas. Imprímese unha dinámica na que a violencia contra a sociedade civil é un comportamento fundacional do réxime.

E cales foran os motivos para emerxer esa sociedade civil?
As oportunidades favorables como a lei e o feito de que determinados grupos sociais estean a organizarse para reivindicar a súa inclusión na cidadanía. Os labregos loitan contra a crise ou o foro e os obreiros a prol de mellorar as súas condicións de vida.

Podemos extraer consecuencias respecto a actualidade?
Estamos nun momento de crise e de posta en cuestión de paradigmas. No primeiro terzo do século XX as asociacións xogaban un papel e agora tamén o fan. O modelo de cidadanía de base societaria continúa vixente.

Que me di do papel dos mestres?
É moi imporante pola necesidade de instrución pública. As taxas de analfabetismo eran altas e reivindicábase a extensión da educación. Tamén había sociedades que impulsaban a construción de escolas ou a creación de bolsas. Ademais, moitas veces os mestres eran activistas e constituían un sector social emerxente con poder simbólico na sociedade.

Houbo figuras relevantes entre os mestres?
O inspector de ensino primario Luís Soto Menor, cun papel moi relevante no fomento da construción de escolas e figura do Partido Radical Socialista; José Ramos López, implicado no sindicalismo e nas organizacións políticas desde que era estudante; Xosé Ramón Fernandez Oxea, do partido Galeguista; Angel Romero, en Guitiriz... Houbo moitos.

Viaxar pola cara

Xoán Ferreiro

A alcaldesa do Porto de Vigo, Corina Porro, presume do número de visitantes que chegan a esa cidade a bordo cruceiros de pracer e di que os proletas británicos e alemáns –non son turistas de luxo– deixan quince millóns de euros ao ano, a razón de 62 euros por cabeza.

Aínda que parece o conto da leiteira, certo é que o turismo é unha actividade económica. Por exemplo, o 3 de marzo o secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, marchou a Londres a compartir un día cos alumnos galegos de secundaria que estudan alí, nun aceno altruísta sen parangón. Aproveitou a viaxe para presidir o encontro dos centros de estudos galegos de Gran Bretaña e Irlanda e para participar na presentación do libro o Faro de Breogán, unha antoloxía da literatura galega en inglés.

Non se sabe moi ben cando regresou ao seu posto de traballo, que consiste na xestión da política lingüística do único país do mundo que conta co galego como idioma oficial. Tamén se descoñece contra que presupostos fixo turismo.

Por outra banda, Anxo Lorenzo é un dos cargos máis activos da Consellaría e programa continuas actividades por toda Galicia. Daquela, por que non vai viaxar pola cara se o conselleiro da Presidencia Alfonso Rueda foi á Patagonia coa escusa de representar o país?

Pide que o teu centro se subscriba a

Cartafol